

UNHA PRODUCCIÓN DO  
CENTRO DRAMÁTICO GALEGO



# A PESTE

inspirada na novela de **Albert Camus**  
dirección e dramaturxia **Cándido Pazó**



O Centro Dramático Galego é a unidade de produción teatral da Xunta de Galicia, dependente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic).



**Centro Dramático Galego**

Salón Teatro. Rúa Nova, 34

15705 Santiago de Compostela

Tel. 881 867 229

[centro.dramatico.galego@xunta.gal](mailto:centro.dramatico.galego@xunta.gal)

[www.centrodramatico.gal](http://www.centrodramatico.gal)

[f](#) cdg.salonteatro

[@](#) cdg.salonteatro

[You Tube](#) centrodramatico

**Comunicación. Agadic**

Cidade da Cultura de Galicia. Monte Gaiás, s/n

15707 Santiago de Compostela

Tel. 881 996 073 / 092

[prensa.agadic@xunta.gal](mailto:prensa.agadic@xunta.gal)

[www.agadic.gal](http://www.agadic.gal)

[f](#) agadic

# Índice

<i>Nunca sobran mans</i> , Fran Núñez.....	04
<i>Fieis e libres</i> , Cándido Pazó.....	06
Ficha artística.....	08
Funcións.....	09
Sinopse.....	10
Dramaturxia e dirección: Cándido Pazó.....	13
O elenco.....	14
O equipo artístico.....	30

# Nunca sobran mans

Fran Núñez | Director do CDG





As persoas, a sociedade e o seu tempo. Os valores en situación de crise. O egoísmo. A solidariedade. A sen razón ligada ao medo, os pequenos actos heroicos. Como unha persoa poder transmutar noutra totalmente diferente en situacións de presión. Como os principios mudan cando hai algo en xogo. Como a teoría non chega á práctica en segundo que contextos. Diso queríamos falar nesta primeira produción do ano 2022, cando pensabamos que a pandemia, a estas alturas, xa sería un recordo. Así, escollemos este texto como metáfora da nosa sociedade, de nós.

No medio dunha pandemia pode resultar ata obsceno montar *A peste*, mais Camus non falaba da enfermidade, falaba do ser humano.

Cándido Pazó realiza na súa adaptación teatral un marabilloso exercicio de tradución da narrativa ao teatro, xogando no difícil equilibrio entre a creación orixinal e a recreación escénica, para falar da nosa natureza.

Din que en toda adaptación, en toda tradución, hai unha traizón ao autor. Non sempre é así. Este espectáculo consegue destilar o texto de Camus potenciando na escena a súa capacidade de falar do universal dende o aquí e o agora. Nada máis teatral ca iso. Non estamos ante unha mera adaptación, estamos ante unha creación teatral de primeiro nivel. Unha obra autónoma que, sen perder a raíz do orixinal, soubo facer o seu camiño.

Non era sinxelo enfrontarse a unha das obras senlleiras da literatura universal, e máis neste momento. Poida que non sexamos máis ca ratas intentando sobrevivir ás nosas pestes contemporáneas: a fame, a guerra, o cambio climático... E só sobreviviremos con pequenos xestos individuais que nos salven como colectivo. Por iso, este proxecto ten o maior elenco dos últimos anos con 15 intérpretes porque, para superarmos as pestes, nunca sobran mans.

# Fieis e libres

## Cándido Pazó

*A peste* é, sen dúbida, un clásico da literatura universal do século XX, deses que raramente faltan na bagaxe dun lector medio. Só ese motivo xustificaría a ousadía de levarmos ao teatro esa magnífica novela. A razón estaba, faltaba a ocasión. E a ocasión chegou. Por desgraza, si. Pero non hai mal que por ben non veña.

Enfrontarse á lectura teatral dunha obra narrativa require dunha actitude axeitadamente dual: sermos abondo fieis para que a fonte literaria se recoñeza e se asuma, pero abondo libres como para que esa fonte poida habitar o palco coa obrigada pulsión e determinación escénica.

A esa vontade nos encomendamos, e así, fieis e libres, presentamos a nosa proposta dramática, unha das tantas coas que se pode levar ao estrado esa monumental alegoría escrita ao remate da II Guerra Mundial, unha das máis estarrecedoras pestes que asolaron a humanidade.

Quixemos facelo para falarmos tamén nós, agora desde a metáfora escénica, das actitudes individuais ante todo tipo de hecatombes colectivas. Da solidariedade e do compromiso persoal como expresión modesta, pero sobranceira, do que cada quen pode e quere dar. Do valor e do sentido da vida humana en si mesmos e non supeditados a causas superiores: relixiosas, políticas, ideolóxicas...

E, igual que Camus no seu celebrado libro, puxemos todo o empeño dos nosos oficios de profesionais do espectáculo para establecermos un diálogo fluído, constante e directo cos nosos lectores teatrais, causa e fin desta nosa aventura: o público presente na sala.





# Ficha artística

Dramaturxia e dirección: **Cándido Pazó**  
Inspirada na novela de **Albert Camus**

## Elenco

**Nacho Castaño**  
**Evaristo Calvo**  
**César Cambeiro**  
**Xurxo Cortázar**  
**Salvador del Río**  
**Casilda G. Alfaro**  
**Paku Granxa**  
**Luís Iglesia B.**  
**Miquel Ínsua**  
**Tone Martínez**  
**Rebeca Montero**  
**Marcos Orsi**  
**María Roja**  
**Santi Romay**  
**Carlos Sante**

## Equipo artístico

Escenografía e *attrezzo*  
Vestuario e caracterización  
Iluminación  
Música e espazo sonoro  
Asistencia de dirección  
Asistencia de produción

**Dani Trillo**  
**Martina Cambeiro**  
**Afonso Castro**  
**Guillermo Fernández**  
**Belén Pichel**  
**Keka Losada**

## Realizacións

Escenografía e *attrezzo*  
Vestuario  
Coordinación e corrección de textos  
Fotografías e vídeos  
Deseño gráfico

**Equipo técnico do CDG**  
**Equipo técnico do CDG**  
**Rosa Moledo**

**Miramemira**  
**Trisquelia**

## Centro Dramático Galego

Dirección  
Produción  
Secretaría de dirección  
Axudantes de produción

Xestión

Comunicación, prensa e redes sociais  
Publicacións

**Fran Núñez**  
**Francisco Veiga**  
**Susana Caamaño**  
**Laura Hevia**  
**e M.<sup>a</sup> Luz Armentia**  
**Manuela González**  
**e Carmen Iglesias**  
**Ana Miragaya, Ana Rosales e Celeste Suárez**  
**Marcelina Calvo e Alberto Santamaría**

## Equipo técnico

Técnico de iluminación  
Asistente de iluminación  
Técnicos de son

Encargado de estrutura escénica  
Tremoias

Auxiliar de imaxe e son  
Encargado de talleres  
Xastra  
Limpeza

**Juanjo Amado**  
**Biqui Cabado**  
**Antonio G. Budiño**  
**e Guillermo Vázquez**  
**Salvador Forján**

**Antonio Mayo, Óscar Ortega, Xaquín Rei, René Rodríguez, Suso Rodríguez e Elixio Vieites**  
**Juan Carlos Pacios**  
**Fernando Rodríguez**  
**María Negreira**  
**Marisol Pérez e M.<sup>a</sup> Luisa Seoane**



# Funcións

Este espectáculo ten unha duración de dúas horas e trinta minutos e está dividido en dúas partes, entre as que se fará un descanso de dez minutos.

Espectáculo recomendado para maiores de 16 anos

<b>Estrea</b>	Xoves 20 de xaneiro ás 20.00 h
<b>Temporada no Salón Teatro</b>	Do 20 de xaneiro ao 13 de marzo
<b>Funcións</b>	De mércores* a domingo
<b>Horarios</b>	Mércores ás 18.00 h. Xoves, venres e sábados ás 20.00 h. Domingos ás 18.00 h
<b>Función inclusiva</b>	Domingo 13 de marzo ás 18.00 h. Con lingua de signos e programas de lectura fácil, en colaboración coa asociación FADEMGGA-Plena Inclusión.

**\*Funcións descontractadas** Todos os mércores ás 18.00 h. Unha sesión cunha atmosfera acolledora e con máis tolerancia respecto do ruído e movemento no patio de butacas. Cun prezo especial de 3 euros. Destinada ás persoas que buscan un ambiente máis relaxado que o dunha representación teatral ao uso, así como ás que poidan sentirse máis cómodas nese contorno, como aquelas con déficit de atención, deficiencia intelectual, espectro autista ou deficiencias sensoriais, sociais ou de comunicación.

## Venda de entradas

<b>Despacho de billetes do Salón Teatro</b>	Dúas horas antes de cada función
<b>Venda anticipada en liña</b>	Ataquilla.com
<b>Prezo das localidades</b>	10 euros
<b>Descontos</b>	<p>40 % Persoas estudantes, xubiladas, maiores de 65 anos, usuarias do carné xove, desempregadas, familias numerosas, grupos a partir de 10 persoas, xornalistas, profesionais das artes escénicas e membros da Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da USC (Alumni USC).</p> <p>3x2 Se traes dúas persoas, invitámote ao teatro. (Só no despacho de billetes do Salón Teatro).</p> <p>40 % Día do Espectador (Domingo): 6 euros.</p>

**Etiqueta sanitaria** Máscara hixiénica e desinfección de mans á entrada e á saída. No caso de presentar síntomas compatibles coa covid-19 ou tela diagnosticada, non se deberá acudir ao teatro. Capacidade limitada ás restricións sanitarias en vigor en cada momento na cidade.



## Sinopse

*A peste é unha versión teatral de Cándido Pazó, inspirada na obra de Albert Camus, coa que reflexionar sobre o comportamento da sociedade e dos individuos durante situacións de crise.*

*A historia conta o que sucede na cidade de Orán, a través da narración do doutor Rieux, durante unha praga de peste. A cidade vese asediada e os seus habitantes sometidos a unha corentena. A obra céntrase nos avatares dos habitantes encerrados, en como se enfrontan á praga e lle buscan un sentido á súa situación: primeiro nunha loita egoísta pola supervivencia e, despois, a través do esforzo colectivo e comunitario. Ao longo dun ano, a peste progresa ata que a dan controlado e desaparece. O pobo celebra con alegría a fin da peste, salvo o doutor Rieux que, tras o sacrificio fútil e a perda de seres queridos, só presenta un optimismo cauteloso, sabendo que a praga pode volver no futuro.*





# Cándido Pazó

## DRAMATURXIA E DIRECCIÓN

Nacido en San Paio de Navia (Vigo) en 1960, director, autor teatral, actor e narrador oral, foi o benxamín da xente de teatro que xurdiu ou que se deu a coñecer arredor das históricas Mostrás de Ribadavia.

Como autor ou como director, ou como as dúas cousas a un tempo, estreou numerosas pezas, entre as que figuran, *O Melro Branco* (Premio Xeración Nós de Teatro Infantil en 1989) *Commedia, un xoguete para Goldoni* (Premio Compostela en 1993, Premio de la Crítica del País Valenciano en 1994 e Premio da Asociación Independente de Teatro de Alicante en 1995 e Premio María Casares ao Mellor Espectáculo en 2019), *Nano* (Premio María Casares á Mellor Dirección e Premio María Casares á Mellor Adaptación, partillado, en 1999), *O bululú do linier* (Premio María Casares ao Mellor Texto Orixinal no 2000), *Ñiqui-Ñaque* (Premio Max ao Mellor Texto Orixinal en Galego en 2002), *Bicos con Lingua*, con outros autores (Premio María Casares ao Mellor Texto Orixinal en 2004), *García* (Premio María Casares ao Mellor Texto Orixinal en 2005), *Emigrados*, con outros autores (Premio Max ao Mellor Texto Orixinal en Galego en 2008), *A piragua* (Premio María Casares ao Mellor Texto Orixinal en 2008), *As do Peixe* (Premio María Casares ao Mellor Texto Orixinal en 2014), *A casa do avó* (Premio María Casares ao Mellor Espectáculo Infantil en 2015), *O tolleito de Inishmaan* (Premio María Casares á Mellor Adaptación en 2017), *A Galiña Azul* (Premio FETEN ao mellor espectáculo de monicreques 2017 e Premio María Casares ao Mellor Espectáculo Infantil 2018), *A compañeira de piso* (Premio do Certame dos Teatros Luchana de Madrid), *Memorias dun neno labrego*, espectáculo unipersonal, no que é tamén actor e do que se fixeron case 200 funcións a día de hoxe, ou *Cigarreiras*, versión teatral de *La Tribuna* de Pardo Bazán.

Ten dirixido ou escrito (obra orixinal, adaptación ou tradución) para compañías como Teatro do Malbarate, Teatro do Noroeste, CDG, Teatro de Adro, Teatro do Atlántico, Teatro de Ningures, A Escola da Noite de Coimbra ou Canadayr Théâtre de Bruxelas. Colabora asiduamente, nas súas funcións de autor ou director, con Talía Teatro e Títeres Tanxarina. Foi fundador, así como director de escena e autor titular, de compañías como Tranvía Teatro, Ollomoltranvía, Abrapalabra ou, na actualidade, Contraproducións.

No ano 2000 fixo parte dos autores escollidos na Maratón Europea da Creación Teatral, celebrada en Bruxelas pola súa Capitalidade Europea da Cultura.

Do ano 2000 ao 2008 foi profesor visitante na Escola de Música e Artes do Espectáculo do Porto.

Desde 1997 é narrador oral, estando presente en numerosas programacións de contos e monólogos cómicos de Europa, África e América Latina.

Como recoñecemento á súa traxectoria é Xograr de Outono do F.I.O.T. de Carballo e, no ano 2014, recibiu o Premio de Honra da Mostra Internacional de Ribadavia (Premio “Roberto Vidal Bolaño”) e o Premio da Cultura Galega no apartado de Artes Escénicas.



0 elenco



# NACHO CASTAÑO

doutor Rieux

Comezou a súa carreira profesional con só 14 anos, compaxinando a dobraxe, á que chegou da man de súa nai, cun papel na película *Divinas palabras*, de José Luis García Sánchez, e outro na produción televisiva *O novo de Parmuide*, dirixida por Roberto Vidal Bolaño. Este deulle o seu primeiro papel na dobraxe e no teatro, en *Xelmírez* ou a *Gloria de Compostela*, para o CDG.

Despois chegaría un personaxe protagonista con *Fume*, de Teatro Cachuzo, baixo a dirección de Carlos Losada, e varios papeis en cine con Pedro Carvajal Urquijo, Pilar Miró, Ignacio Vilar, Antón Reixa ou Dani de la Torre. *Martes de Carnaval*, *Tu nombre envenena mis sueños*, *Illegal*, *O lápiz do carpinteiro* e *La sombra de la ley* son algúns dos títulos.

É tamén coñecido polos seus personaxes en series da TVG, como *Mareas vivas*, *Pratos combinados*, *Galicia Exprés*, *Os Atlánticos*, *Urxencia Cero*, *TAC*, *Viradeira* ou *Serramoura*, e de televisións estatais e plataformas de pago, como *Calle Nueva*, *Del Miño al Bidasoa*, *Hospital Central*, *El final del camino*, *Vivir sin permiso*, *Fariña*, *O sabor das margaridas*, *Auga seca*, *La unidad* ou *Rapa*.



# EVARISTO CALVO

## Grand

Comezou no mundo da escena coa compañía Danthea en 1987. Desde entón traballou como intérprete con Escola Dramática Galega, Ollomol Teatro Submarino, Teatro do Atlántico, O Moucho Clerq, Centro Dramático Galego, Ollomoltranvia, Teatro do Aquí, Excéntricas e Contraproducións. *Adeus Madelón, Moleques, Fas e Nefas, Historia de Neera, Commedia, Raíñas de pedra, Soño dunha noite de verán, O incerto señor don Hamlet, O rousiñol da Bretaña e Shaquespeare para ignorantes* son algúns dos espectáculos nos que participou.

Membro cofundador de Ollomol Teatro Submarino, Ollomoltranvia, Mofa e Befas e Excéntricas, é autor das pezas *Qui pro Quo, Hotel Rum, So Sobre, Bicharada e Trogloditas*, ademais de coautor dos textos para Mofa e Befas *Finismundi Circus, Cultura para dar e tomar, Sempre ao lonxe e Dúas pedras*. Tamén dirixiu *Qui pro quo* de Ollomoltranvia, *Hotel Rum* e *So sobre* de Saprísti Teatro, *Bicharada* de Berrobambám, *Criaturas* de Teatro do Aquí e *Trogloditas* de Tanxarina.

Recibiu os premios María Casares como actor protagonista por *Un craneo furado* e *Oeste solitario*, con Excéntricas, e como secundario por *Anxeliños*, con Teatro do Aquí, e por *O tolleito de Inishmaan*, con Contraproducións.





# CÉSAR CAMBEIRO

padre Paneloux  
vello dos gatos  
home que le o xornal

Descubriu o teatro con 15 anos. Desde 1985 realizou estudos con Augusto Fernández, Ernesto Caballero, Fabio Mangolini, Malonda, Natalia Zereva, Nikolai Karpov, Irina Iprontovna (profesores da Academia Rusa de Teatro e Arte de Moscú), Paco Pino e Jaime Chávarri.

Como profesional traballou en varias compañías privadas de Galicia e mais no Centro Dramático Galego, destacando os seus papeis protagonistas en *Os fillos do sol*, *Tartufo*, *Cyrano*, *O avaro*, *Os vellos non deben de namorarse*, *Esperando a Godot*, *Gulliver* ou *Petición de man*.

Son salientables tamén os seus papeis principais en *La panadera*, produción de 2021 do CDN coa que estivo en xira por España, *Martes de Carnaval*, *Unha hora na vida de Stefan Zweig*, *A boa persoa de Sezuán*, *A noite das Tribades* e *A cacatúa verde*.

No audiovisual, participou en series e películas como *Servir y proteger*, *Néboa*, *Acacias*, *El desorden que dejas*, *Vivir sin permiso*, *Fariña*, *Las chicas del cable*, *Siete mesas de billar francés*, *Heroína*, *Mar adentro*, *Terra de Miranda*, *Rías Baixas*, *Pequeno hotel* e *Matalobos*, entre outros títulos.



# XURXO CORTÁZAR

## Cottard

Tras pasar pola Aula de Teatro Universitario de Pontevedra, comezou a traballar en 1996 na formación Migallas Teatro e estivo máis de 20 anos xirando por toda a Península Ibérica en compañías especializadas en público infantil e familiar como Galitoo, Artestudio Teatro, Baobab Teatro ou Os Monicreques de Kukas. Ademais, combina a interpretación con tarefas de produción e dirección artística en festivais e actividades, sobre todo para o Concello de Pontevedra, entre os que figuran Domingos do Principal, Feira do Humor e Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra.

En 2017 produce e protagoniza o monólogo *Desconexión*, escrito e dirixido por Santiago Cortegoso, e en 2020 estrea *O premio*, con La Quintana Teatro, polo que obtén o Premio Dorotea Bárcena ao Mellor Actor na 32ª edición do FETEGA. Xa en 2021, estrea con Butacazero o espectáculo *32 m²*, polo que é finalista como Mellor Actor Protagonista nos Premios María Casares.

Durante este tempo segue formándose con profesionais como Joan Serrats, María del Mar Navarro e Andrés Hernández, Etelvino Vázquez, Andrés Lima ou Andrea Jiménez e Noemi Rodríguez, de Teatro En Vilo.



# SALVADOR DEL RÍO

prefecto  
carteiro

Desenvolve a súa actividade teatral fundamentalmente en Teatro de Ningures, compañía da que é socio desde finais do século pasado. Na meirande parte das montaxes intervéen como actor, compaxinando ás veces esta faceta con labores de dirección, deseño de iluminación ou produción.

Como intérprete participou ademais nas compañías Ibuprofeno Teatro, Teatro do Morcego, Producións Teatrais do Sur, Balea Branca ou o CDG, entre outras.

No eido audiovisual interveu en diversas series da Televisión de Galicia, como *As leis de Celavella*, encarnando a Don Tomás, *Matalobos*, co papel de Pepe Viaño, ou dándolle vida ao Doutor Serantes en *Urxencia 0*.



# CASILDA G. ALFARO

nai  
florista

Participou na creación da compañía Teatro de Ningures, na que permanece ata a actualidade. Con ela impulsou a primeira coprodución teatral galego-portuguesa, *Terra de lobos* de Antonio Torrado, na que tamén actuou. Ademais produciu o mítico espectáculo *Tic-Tac* de Suso de Toro, así como unha das primeiras montaxes con perspectiva de xénero, *Decorcheas*, de María Armesto, e codirixiu *Defensa da vila*. *María Soliña*.

Actuou en arredor de 40 espectáculos con diversas compañías, entre as que figuran Teatro do Morcego, Balea Branca, Contraproducións e o CDG, e interpretou personaxes protagonistas tanto do teatro clásico como contemporáneo en pezas de Benito Pérez Galdós, Darío Fo, Roberto Vidal Bolaño, Cándido Pazó ou Federico García Lorca, entre outras.

No eido audiovisual, interveu en series para Televisión de Galicia, como *Libro de familia*, *O sal da terra*, *O faro* ou *Serramoura*, e en longametraxes, como *Os luns ao sol*, *De bares*, *A condesa rebelde* ou *María Solinha*. En 1996 recibiu o Premio María Casares á Mellor Actriz Protagonista por *A noite das Tribades* de Teatro do Atlántico.



# PAKU GRANXA

sra. Michel  
muller que vén da misa

Artista multidisciplinaria en danza, canto e interpretación. Nesta última disciplina formouse con mestres como Manuel Lourenzo, Roberto Salgueiro ou José Carlos Plaza, e, en canto e técnica vocal para teatro musical, con Susana Doménech, Edith Salazar, Julia Möller ou César Belda. Ademais, realizou adestramentos en audiovisual con Benito Zambrano, Gracia Querejeta, Jorge Coira, Carmen Utrilla, Juan León, Alfonso Zarauza e Carlos Sedes, entre outros.

Desenvolveu a maior parte da súa carreira no teatro musical nacional e internacional, con espectáculos como *La flor de Albahaca*, en Xapón, *Cinderella* e *Robin Knob Crusoe*, en Inglaterra, Escocia e Gales, *Musical Grease/Musical Abba* no Teatro Tívoli de Málaga; *Universal Studios Port Aventura Musicales*, en Tarragona, *NINE el musical*, de Showtime producciones de Madrid. En Galicia formou Tirita Produccións, coa que estreou o *Faraos*, de Roi Vidal Ponte, e *O Cabaré da Muller Paxaro*, de Miguel Mosqueira.

No audiovisual destacan os seus traballos no filme *Cuñados* (Portocabo) e en series como *Si lo hubiera sabido* (Boomerang TV), *Heridas* (Atresmedia TV), *Dos vidas* (Bambú Producciones) ou *Alguien tiene que morir* (Netflix).



# LUÍS IGLESIA B. Tarrou

O seu traballo ligado ao teatro comeza en 1992, en compañías profesionais como Teatro do Aquí, Teatro do Atlántico, Volta e Dálle Teatro, Malasombra, Contraproducións, Boneca Lareta, Culturactiva ou Centro Dramático Galego, entre outras. Recibiu o premio FETEGA ao mellor actor protagonista por *Gaivotas subterráneas* (RTA/Talía teatro/Voz Audiovisual).

Actor, director e profesor de dobraxe e locución desde 1987, ademais das colaboracións en cine e curtametraxes é salientable a súa traxectoria de intérprete en series e películas para múltiples plataformas e canles de televisión estatais.

É un rostro vencellado á Televisión de Galicia como presentador, pero, sobre todo, como actor pola súa participación en *Mareas vivas*, *Terra de Miranda*, *As leis de Celavella*, *Matalobos*, *Serramoura*, *Pazo de familia*, *Lobos e cordeiros*, *A estiba* ou *Método criminal*.



# MIQUEL ÍNSUA

doutor Castel  
policía

Formado no Institut del Teatre (Barcelona) e no Estudio de Juan Carlos Corazza (Madrid), leva máis de 30 anos compaxinando traballos en teatro, cine e series de televisión.

En teatro traballou coa Compañía Teatro do Noroeste, Teatre Catalá de la Comedia, o Centro Dramático Galego, Teatro Español, Centro Dramático Nacional ou a Sala Cuarta Pared, con directores como Josep María Flotats, Eduardo Alonso, Lluís Pasqual, Carlos Aladro, Julián Fuentes Reta ou Marta Pazos. En 2018 foi nomeado a Mellor actor protagonista nos Premios María Casares por *Martes de Carnaval* de Valle-Inclán, unha produción do CDG dirixida por Marta Pazos.

No cine comezou protagonizando a mítica *Sempre Xonxa*, de Chano Piñeiro. Outros títulos emblemáticos foron *Días de voda* e *O desenlace*, dous filmes do Movemento Dogma, dirixidos por Juan Pinzás e, os máis recentes, *La viajante*, de Miguel Mejías e *O corpo aberto* de Ángeles Huertas.

Participou en máis de 30 series de televisión. Os últimos traballos foron a moi premiada *O sabor das margaridas*, *Juana de Vega*, *Lobos e cordeiros* e *Operación Marea Negra*.



# TONE MARTÍNEZ

operario 2  
García  
limpabotas

Licenciado en Arte Dramática na ESAD de Galicia, especializouse na improvisación teatral con mestres como Gustavo Miranda ou Omar Argentino.

Fundou, xunto con Alba Bermúdez, a compañía Galeatro, coa que produce varios espectáculos dirixidos ao público familiar. Entre eles destacan *Muiñada* e *Carabela*.

Ademais destas montaxes, cómpre salientar os traballos realizados en compañías como Triatrerros ou o Centro Dramático Galego, onde formou parte do elenco do espectáculo *Divinas Palabras Revolution*, dirixido por Xesús Ron.

No eido audiovisual foi actor de reparto en series como *Serramoura* e *Pazo de familia*.





# REBECA MONTERO

mestra

Licenciada pola Real Escuela Superior de Arte Dramático de Madrid e con 36 anos de traxectoria profesional, desenvolveu a súa carreira tanto no teatro como en producións audiovisuais para cine e televisión.

No ámbito teatral traballou en máis de 16 espectáculos do CDG e noutros tantos en compañías privadas, así como en dous do Centro Dramático Nacional.

En 2009 recibiu o Premio María Casares á mellor actriz secundaria por *A boa persoa de Sezuán*, do CDG, e ao ano seguinte repetiu galardón pola súa interpretación no espectáculo *O segredo dos Hoffman*, da compañía Lagarta Lagarta. Obtivo ademais tres nominacións por *Seis personaxes na procura de autor*, *Noite de Reis* e *O profesional*, todas obras do CDG.

Tamén conta cunha nominación como mellor actriz de reparto aos premios Max de teatro polo seu traballo en *Tartufo* do CDG.

No audiovisual traballou en numerosas series galegas, como *Mareas vivas*, *A vida por diante*, *Matalobos*, *Néboa* ou *O sabor das margaridas*.



# MARCOS ORSI

operario 1  
doutor Richard  
Rodríguez

Comezou como actor nos anos 80 con Artes Livre, no seu São Paulo natal. Con esta compañía veu a Europa en 1986 e acabou afincándose en Galicia. Subiu ao escenario con diversas formacións teatrais, como Ollomol Tranvía, Excéntricas, Malasombra, Culturactiva, Contraproducións, Teatro do Aquí ou Bacana, ademais de co CDG.

Participou en varias series da Televisión de Galicia, entre as que destacan *Matalobos*, *A lei de Santos*, *Os Mariachi*, *O Nordés*, *As leis de Celavella* ou *A miña sogra e mais eu*, así como nalgúns episodios de diferentes títulos de Telecinco, como *El pacto*, *El comisario* ou *MIR*. Tamén ten experiencia nos ámbitos cinematográfico, con papeis en *Os fenómenos*, *Unha muller invisible*, *O agasallo de Silvia*, *O lapis do carpinteiro* ou *Era outra vez*, e publicitario. Destaca ademais o seu labor como profesor de interpretación para cámara en Vozaudiovisual desde 2013.

Obtivo dous Premios Compostela, en 1992 como mellor actor secundario por *Un soño de verán* e, en 1994, como mellor actor protagonista por *Commedia, un xoguete para Goldoni*, así como o María Casares 2019 como mellor actor secundario por *Commedia*.



# MARÍA ROJA

na,  
taberneira  
sra. Rieux  
muller de Rambert

Actriz, *performer* e artista visual. Titulada en Arte Dramática pola ESAD de Galicia e Licenciada en Belas Artes cun Máster en Artes Escénicas pola Universidade de Vigo, estivo vinculada ao teatro amateur desde nova.

Traballou nas compañías Matarile, Contraproducións, Aporía Escénica, Inversa Teatro, TrasPedante, Fulano Mengano e Citano, Galitooon, Xarope Tulú ou Os Náufragos Teatro, entre outras. Ademais, participou nas montaxes do CDG *Martes de Carnaval* e *Neorretranca*. A primeira delas valeulle a candidatura a Mellor Actriz Protagonista nos Premios María Casares. Foi merecedora do Premio a Mellor Actriz Secundaria pola súa actuación en *O tolleito de Inishmaan*.

No eido audiovisual, rodou baixo a dirección de cineastas como Ignacio Vilar, Alexandre Cancelo, Breogán Riveiro ou Simón Casal, e protagonizou *9 fugas*, filme de Fon Cortizo de recoñecemento internacional. Así mesmo, formou parte do reparto das series de televisión *Hospital Real*, *Dalia a modista*, *O sabor das margaridas*, *A estiba*, *Serramoura* e *Método criminal*.

É cofundadora dos colectivos *áIntemperie*, *Blanco&Roja*, *Ohn* e *Límites*, proxectos situados no campo da arte de acción e da creación escénica experimental.



# SANTI ROMAY

## Rambert

Titulado en Pedagogía Teatral pola Universidade da Coruña, comezou a súa andaina profesional moi novo, na exitosa serie televisiva *Mareas vivas*, á que seguirían *Matalobos*, *Auga seca*, *Os Atlánticos*, *Casa Manola*, *Serramoura*, *Malo será* e *Hospital Central*, entre outras.

Traballou tamén no cinema con directores como Ignacio Vilar, Héctor Carré ou Manuel Martín Cuenca.

Como actor de teatro participou en montaxes de recoñecidas compañías, como Producións Teatrais Excéntricas, Contraproducións, Ainé Producións ou Teatro do Andamio, ademais de na obra *Xardín suspenso* do Centro Dramático Galego.

Foi nomeado varias veces aos Premios María Casares, chegando a acadar os premios ao Mellor Actor Protagonista e Mellor Actor Secundario.



# CARLOS SANTE

cego  
taberneiro

Actor en teatro, televisión, cine, dobraxe e *clown*, formouse no Posgraduado en Interpretación pola USC, e na École Philippe Gaulier de Londres. Tamén con mestres como Carlo Colombaioni, Leo Bassi, Eric de Bont, Michel Dallaire ou Christine Rossignol.

Traballou en compañías teatrais como Escola Dramática Galega, Elsinor, Danthea, Trinke-Trinke, Catrabucha, Matarile, Ollomoltranvía, San&saN, CDG ou Estudio Momento. Dirixiu a gala de entrega de premios María Casares en dúas ocasións.

Cómico habitual do programa *Luar* da Televisión de Galicia, actuou en series como *As leis de Celavella*, *O Faro*, *Serramoura*, *Matalobos*, *Vivir sin permiso* ou *Fariña*, e en películas como *Heroína*, *Pradolongo*, *Agallas*, *Vacas, porcos e zapatos de tacón* ou *Sofía Casanova, a obreira do pensamento*, entre outras.

En locucións e dobraxe traballa desde hai máis de 30 anos para os principais estudos de Galicia e é formador de actores de dobraxe para 35 mm.

Desde a súa paixón polo *clown* e a comedia física crea números propios, forma e dirixe outros artistas. Fundou a Asociación Cultural Manicómicos, onde exerce como profesor e director do Festival Internacional de Teatro Cómico e Circo de Rúa.



**0 equipo artístico**



## Dani Trillo

### ESCENOGRAFÍA E ATTREZZO

Está vinculado a Talía Teatro desde hai 20 anos, onde simultanea diferentes facetas creativas, como interpretación, deseño e realización de escenografía, iluminación ou deseño gráfico, á vez que exerce de xefe técnico da compañía.

Deseñou e realizou escenografías para os espectáculos desta formación *Pequena, Xango, Sopa de sapo, Foucellas, A primeira vez, Rosa Caramelo, Lambetadas, Voa, voa, A parábola do angazo* e *Vida de cans*, entre outros. No caso deste último, a escenografía foi nominada aos premios María Casares 2020. Tamén desenvolveu este labor para a gala María Casares 2018 e para Contraproducións e Focus producciones, con montaxes como *O electo* e *Cigarreiras*.

Nos últimos anos investiga e especialízase en procesos de deseño e fabricación dixital, buscando novas posibilidades que os métodos tradicionais non permiten.

O seu traballo foi recoñecido en 2017 co premio María Casares á mellor escenografía polo espectáculo *Foucellas*.



## Martina Cambeiro

### VESTIARIO E CARACTERIZACIÓN

Realiza traballos de deseño de vestuario e maquillaxe en Talía Teatro, compañía da que forma parte desde os seus inicios, participando en numerosos espectáculos, como *A secreta obscenidade de cada día, Soños dun seductor, Supermáis, E ti quen vés sendo?, Volpone, Demolición, Ubú rei, Servidor de dous amos* ou *Vida de cans*.

Colabora tamén con outras compañías, entre as que figuran Contraproducións, coas caracterizacións en *O tolleito de Inishmaan* e *Fillos do sol*, e o vestuario e caracterización en *Cigarreiras*. Ademais, traballou co CDG na caracterización en *Xardín suspenso*.

Como maquilladora chega a ser finalista dos premios María Casares ata en seis ocasións, resultando premiada polo traballo realizado nos espectáculos de Talía Teatro *Servidor de dous amos* e *Vida de cans*.

## Afonso Castro

### ILUMINACIÓN

Artista autodidacta e multidisciplinario, desenvolve os seus traballos en diversas áreas que van desde os deseños da luz ata programacións de códigos visuais, tocando todos os paus escénicos, con maior profusión no teatro e na danza contemporánea.

Actualmente traballa coas compañías Contraproducións, Pisando Ovos, La Macana, Elahood e unha diversidade de artistas de distintas disciplinas escénicas e *performánticas*, tanto en Galicia coma no estranxeiro. O seu extenso traballo abarca máis de 200 proxectos ao longo de case catro lustros.

Foi nomeado e premiado en diversos certames polo seu traballo como iluminador. Conta con tres premios María Casares ao mellor deseño de iluminación: *A piragua* (2008) e *Xardín suspenso* (2016), do CDG, e *O tolleito de Inishmaan*, de Contraproducións e Fiot Carballo.



## Guillermo Fernández

### MÚSICA E ESPAZO SONORO

Guitarrista, compositor e produtor musical, a súa traxectoria discorre entre algúns dos máis diversos e importantes proxectos da música galega dos últimos anos: Berrogüetto, Espido, aCadaCanto, Guadi Galego ou De Vacas.

Colaborador de artistas como Xabier Díaz, Fuxan os Ventos, Leilía ou Xosé Lois Romero, é tamén compositor da banda sonora das obras teatrais *O tolleito de Inishmaan*, *Nacidas libres*, *Fillos do sol* e *A compañeira de piso*, producidas todas elas pola compañía Contraproducións, e tamén do espectáculo escénico *Sobre o amor e outras mariconadas*, xunto a Ricardo de Barreiro.

Galardoado en numerosas ocasións, entre os seus recoñecementos cómpre salientar dous Premios Martín Códax da Música.





## Belén Pichel

### ASISTENCIA DE DIRECCIÓN

Con estudos de Historia da Arte e posgraduada no Curso de Experto Universitario en Xestión Cultural na Universidade de Santiago de Compostela, comezou a súa traxectoria profesional nas artes escénicas en 2004 con compañías como Teatro do Adro, Talía Teatro ou o CDG.

Combina o labor de produtora co de distribuidora, axudante de dirección e representante de artistas.

En 2010 montou a súa primeira produtora, Abrapalabra Creacións Escénicas, coa que produciu espectáculos como *A piragua*, *Historias tricolores*, *Memorias dun neno labrego*, *Decameron*, *As do peixe* ou *Ra ra ra*.

En 2016 desenvolveu un proxecto máis persoal coa creación de Contraproducións, poñendo en escena obras como *O tolleito de Inishmaan*, *Nacidas libres*, *Fillos do sol*, *Commedia*, *A compañeira de piso*, *O electo* ou *Cigarreiras*.

Foi presidenta da Asociación de Empresas de Artes Escénicas Escena Galega de 2015 a 2020. Na actualidade forma parte da Comisión de xestión cultural do Consello da Cultura Galega.











[www.centrodramatico.gal](http://www.centrodramatico.gal)

 [cdg.salonteatro](https://www.facebook.com/cdg.salonteatro)

 [cdg.salonteatro](https://www.instagram.com/cdg.salonteatro)

 [centrodramatico](https://www.youtube.com/c/centrodramatico)